

O exame consta de cinco preguntas a partir da lectura do seguinte **texto**:

As dunas constitúen amoreamentos de area xunto á beiramar, conformadas hai uns 4.500 anos ao subir o mar canda a última transgresión mariña, e que logo serían moldeadas polo vento ao igual que hoxe en día. Orixinariamente, as areas das praias e dos campos dunares tiveron unha procedencia continental, de terra a dentro, levadas ao mar mediante as achegas fluviais, sendo despois redistribuídas polas ondas e correntes de deriva litorais. Sucedería máis tarde que durante as épocas glaciais o nivel do mar tería descendido nuns 120-200 metros por baixo do nivel actual e afastaríase ata uns 30-40 km de distancia a liña de costa. Cando posteriormente derreten os xeos glaciares, como aconteceu desde hai uns 15.000 anos, e se produce o ascenso do nivel mariño, os anteriores recubrimentos de area e barras areosas existentes, baixo ese empuxe do mar e do vento, iríanse abeirando e amoreando nos saíntes da actual franxa litoral.

E así, dese xeito, configuraríanse areais ou dunas tales como ollamos na Lanzada ou Corrubedo. Nalgúns casos, o vento conformaría mantos de areas rubideiras ou rampantes, que ascenden polas lombas inmediatas, tal como a carón do areal do Trece, onde mesmo exceden as cristas dos relevos próximos, ou xunto da desembocadura do Anllóns, no xa chamado Monte Branco.

A miúdo existen varios cordóns de dunas na franxa litoral, por riba da praia. As máis achegadas ao mar son máis recentes e polo xeral móbiles, mentres que a maior distancia van sendo consolidadas pola vexetación. Nas dunas vivas, o vento mobiliza os graos de area, que ascenden en suave pendente desde a zona de barlovento depositándose cunha maior inclinación a sotavento, ocasionando o seu avance na dirección do vento.

Roxelio P. Moreira, "Dunas",  
*Tempos Novos*, 306, novembro de 2022

**PREGUNTA 1.** Indique cal é o tema central e as ideas principais do texto e xustifique a súa resposta (máximo 150 palabras). Propoña un novo título para o artigo (**2 puntos**).

**PREGUNTA 2.** Explique o significado que teñen as seguintes palabras e locucións do texto: *glaciais*, *abeirando*, *crista*, *a carón*, *sotavento* (**1 punto**).

**PREGUNTA 3.** Indique a palabra simple da que derivan os seguintes termos do texto: *amoreamento*, *mariña*, *dunares*, *recubrimentos*, *conformaría* (**1 punto**).

**PREGUNTA 4.** No texto aparece o verbo *subir*: conxúgueo no presente de indicativo e no presente de subxuntivo e, a continuación, indique outros dous verbos que se conxuguen co mesmo paradigma (**2 puntos**).

**PREGUNTA 5.** Escriba un comentario (arredor de 200 palabras) sobre a temática do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión que nel defende o autor (**4 puntos**).